

COMUNICADO SOBRE A ABSTENCIÓN NA INVESTIDURA

A Agrupación de Electores de Redondela (AER) optará pola **ABSTENCIÓN** na vindeira sesión de investidura do novo alcalde de Redondela.

Tal como anunciamos no noso programa e tal como dixemos sempre na campaña, **NON PACTAMOS CON NINGÚN PARTIDO.**

A nosa intención nunca foi a de buscar o poder nin a alcaldía, senón ter unha función de control e limpeza no Concello. Entendemos que **o goberno do Concello exerceo o Pleno**, onde o pobo está máis amplamente representado e onde cada partido definirá cal é a súa política.

Non cremos que lle esteamos a regalar nin a roubar a alcaldía a ninguén, xa que as urnas decidiron e o PP acadou máis votos que o PSOE e o BNG xuntos.

Respecto da polémica entre esquerdas e dereitas, apenas se distingue a delgada liña ideolóxica que separa aos partidos maioritarios. Pensamos que ser de esquerdas é algo máis que simpatizar ou militar nun partido político que se autoproclame "de esquerdas". Ser de esquerdas supón un compromiso no fondo e nas formas, supón **buscar o ben colectivo a través dunha participación directa da cidadanía**. Pensamos que nos concellos a ideoloxía dos partidos queda nun segundo plano con respecto da eficacia; como nos suxeriu algún veciño "un burato na estrada non é de dereitas nin de esquerdas".

Gobernará o Pleno, e nós transmitiremos o sentir dos veciños de acordo con uns principios que xa expresamos e que teñen que ver coa **ética, a transparencia, a sustentabilidade e a participación**.

Redondela, a 26 de maio de 2011

A.E.R.